ACTA NÚM. 5 DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DA BAÑA

CONSTITUCIÓN DO CONCELLO

LUGAR: Casa do Concello da Baña

DATA: 15 de xuño de 2019

HORA DE COMEZO: 14:00 h en primeira convocatoria

HORA DE REMATE: 14:30 h

ASISTENTES:

Concelleiros electos:

Partido Popular

José Andrés García Cardeso

Alicia Blanco Sande

José Manuel Landeira Liñares

Manuel Tourís Fernández

María Roxa Ramos Freita

Partido socialista

José Antonio Pereira Gil

Mónica González Blanco

Jesús Manuel Pena Varela

Ana Paramos Cebei

Compromiso por Galicia

César Ramos Domínguez

David Gontán Varela

Secretario da Corporación

Celestino Amigo Liñares.

ORDE DO DÍA

UNICO. Constitución da nova Corporación municipal

Desenvolvemento da sesión (art. 195 ss. LO 5/1985)

- Constitución da Mesa de idade
- Comprobacións previas á comprobación da Corporación

CVD: bBXeQ8ZJtNxD+1RV+EyX
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- Declaración de constitución do Concello
- Xuramento ou promesa de cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/a
- Elección de Alcalde e xuramento ou promesa de cumprir as obrigas do cargo.

Na Sala de sesións do Concello da Baña, ás catorce horas do día quince de xuño de dous mil dezanove, en cumprimento do disposto nos artigos 195 e 196 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, e 37 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e para o efecto de levar a cabo a constitución do novo Concello da Baña, despois de ver os resultados das eleccións do día 26 de maio de 2019, para a renovación da totalidade dos membros das corporacións locais, reúnense os Concelleiros e Concelleiras anteriormente enumerados, asistidos/as polo secretario, que dá fe deste acto. Está a disposición dos asistentes a documentación referente a existencias económicas e patrimoniais, sinaladas na lexislación vixente. Comprobada a existencia do quórum da maioría absoluta requirida pola LO 5/1985 e o cumprimento dos demais requisitos formais legalmente esixidos para a válida celebración do acto, disponse o comezo da sesión, conforme ao programa de actuacións legalmente establecidas.

ÚNICO.- CONSTITUCIÓN DA NOVA CORPORACIÓN MUNICIPAL

CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE

A continuación, o secretario da corporación, unha vez declarada aberta a sesión, le o artigo 195 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral e, atendendo ao disposto nel, procédese a constituír a mesa de idade.

A mesa de idade queda integrada por D. MANUEL LANDEIRA LIÑARES, concelleiro electo de maior idade, que a preside, e por D. DAVID GONTÁN VARELA, concelleiro electo de menor idade.

COMPROBACIÓNS PREVIAS Á CONSTITUCIÓN DO CONCELLO

Están a disposición no expediente da sesión a documentación correspondente ás medidas sinaladas no artigo 36.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

Despois, o presidente e o secretario da mesa proceden a comprobar todas as credenciais acreditativas da personalidade dos concelleiros electos que lle foron entregadas.

A continuación compróbase que todos os concelleiros e concelleiras electas formularon as declaracións referidas no artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladoras das bases do réxime local.

CVD: bBXeQ8ZJtNxD+1RV+EyX
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tendo en conta que se cumpre a esixencia do artigo 195.4 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, e do artigo 37.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e que concorre a esta sesión a maioría absoluta de concelleiros electos, procédese ao cumprimento do requisito legal previsto no artigo 108.8 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, de prestar xuramento ou promesa.

XURAMENTO OU PROMESA DE CUMRIR FIELMENTE AS OBRIGAS DO CARGO DE CONCELLEIRO/A

Despois de que o secretario do concello lea o artigo 108.8 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, referido á toma de posesión dos concelleiros electos, procédese a nomear a todos os señores concelleiros electos para efectos de prestación do xuramento ou promesa.

O xuramento ou promesa realízase utilizando a fórmula prevista no Real decreto 707/1979, do 5 de abril, regulador da fórmula para a toma de posesión de cargos e funcións públicas: «Xuro (ou prometo), pola miña conciencia e a miña honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/a do Concello de Carnota, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado».

A continuación, o secretario da corporación nomea a cada un dos concelleiros electos e le persoalmente a fórmula a cada un deles, que se manifestan da seguinte maneira:

COCELLEIRO/A	PARTIDO	XURA/ PROMETE
JOSE ANDRES GARCIA CARDESO	PP	XURA
ALICIA BLANCO SANDE	PP	PROMETE
JOSE MANUEL LANDEIRA LIÑARES	PP	XURA
MANUEL TOURIS FERNANDEZ	PP	XURA
MARÍA ROSA RAMOS FREITA	PP	XURA
JOSE ANTONIO PEREIRA GIL	PSOE	PROMETE
MONICA GONZALEZ BLANCO	PSOE	PROMETE
JESUS MANUEL PENA VARELA	PSOE	PROMETE
ANA PARAMOS CEBEI	PSOE	PROMETE
CESAR RAMOS DOMINGUEZ	CxG	PROMETE
DAVID GONTAN VARELA	CxG	PROMETE

Xa que se deu cumprimento ao disposto no artigo 195 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, o presidente da mesa declara constituído o Concello de Carnota despois das eleccións municipais do día 26 de maio de 2019.

ELECCIÓN DO ALCALDE E XURAMENTO OU PROMESA DE CUMPRIR AS OBRIGAS DO CARGO

CVD: bBXeQ8ZJtNxD+1RV+EyX
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Posteriormente, o secretario do concello procede á lectura do artigo 196 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, e á elección do alcalde-presidente da corporación.

a) Proclamación de candidatos á alcaldía

Despois disto, o presidente da mesa de idade pregunta aos concelleiros que encabezan as listas se manteñen a súa candidatura a alcalde ou se a retiran. Estes maniféstanse no seguinte sentido:

— D. ANDRÉS GARCÍA CARDESO, mantén a candidatura polo PP.
— D. JOSÉ ANTONIO PEREIRA GIL, mantén a candidatura polo PSOE.
— D. CÉSAR RAMOS COMÍNGUEZ, mantén a candidatura por CxG

Procédese logo a proclamar os candidatos á alcaldía do concello.

b) Elección do sistema de votación

Despois da proclamación dos candidatos, o presidente da mesa invita os concelleiros electos a elixir o sistema de votación (artigo 101 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro) para elixir o alcalde.

Por unanimidade elíxese o sistema de votación ordinaria, procedéndose a votar cada unha das candidaturas por orde de maior a menor, co seguinte resultado:

VOTOS ACADADOS POLOS CANDIDATOS:

— D. ANDRÉS GARCÍA CARDESO, candidato polo PP, 5 votos.
— D. JOSÉ ANTONIO PEREIRA GIL, candidato polo PSOE, 6 votos.
— D. CÉSAR RAMOS COMÍNGUEZ, candidato por CxG, 0 votos.

En consecuencia e á vista do resultado da votación, ao ser o número de concelleiros once e a maioría absoluta seis, o presidente da mesa de idade procede a proclamar alcalde-presidente da corporación a D. JOSÉ ANTONIO PEREIRA GIL, por obter a maioría absoluta do n´mero legal de membros que integran a corporación. Todo elo de conformidade co establecido no artigo 196 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral.

TOMA DE POSESIÓN DO ALCALDE

A continuación, de conformidade co artigo 18 do texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e co artigo 40.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, o secretario procede a dar lectura á fórmula de acatamento á Constitución, segundo o seguinte contido literal: «Xuro (ou prometo) pola miña conciencia e a miña honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de Alcalde-presidente do Concello

CVD: bBXeQ8ZJtNxD+1RV+EyX
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

de Carnota, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado».

O alcalde manifféstase da seguinte maneira: “prometo”.

Despois de realizar o xuramento, D. JOSÉ ANTONIO PEREIRA GIL pasa a ocupar a presidencia da sala. O Presidente da mesa de idade fai entrega do bastón de mando ao Alcalde e queda disolta a mesa de idade.

A continuación, D. JOSÉ ANTONIO PEREIRA GIL, alcalde-presidente, dirixe unhas palabras á corporación e ao público asistente, nos seguintes termos:

Quero darlle as gracias a todos os veciños que nos apoiaron e gracias a Compromiso por Galicia por este acto de responsabilidade. Asumo este proxecto cos compañeiros. Faremos o posible para que o concello da Baña volva a estar no punto que debería estar hai moitos anos.

Non habendo mais asuntos que tratar, o Alcalde-presidente dá por rematada a sesión á hora que se sinala no encabezamento, do que, como secretario, dou fe.

CVD: bBXeQ8ZJtNxD+1RV+EyX
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.